

PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Técnica de seguridade que ten como obxectivo protexer o traballador fronte a agresións extremas, ben sexan de tipo físico, químico ou biolóxico, que se poidan presentar no desenvolvemento da súa actividade laboral, mediante a utilización e uso dun equipo de protección axeitado.




OS EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL (EPI'S) SON A ÚLTIMA SOLUCIÓN QUE HAI QUE ADOPTAR

R.D. 773/1997 DISPOSICIÓNES MÍNIMAS RELATIVAS Á UTILIZACIÓN POLOS TRABALLADORES DE EPI'S.

DEFINICIÓN LEGAL DE EPI: calquera equipo destinado a ser levado ou suxeitado polo traballador para que o protexa dun ou varios riscos que poidan ameazar a súa seguridade ou a súa saúde, así como calquera complemento ou accesorio destinado para tal fin.


Exclúense:

- Roupa de traballo corrente e os uniformes que non estean especificamente destinados a protexer a seguridade e a saúde dos traballadores.
- Os equipos dos servizos de socorro e salvamento.
- Os equipos de protección individual dos militares, dos policía e das persoas dos servizos de mantemento en orde.
- Os equipos de protección individual dos medios de transporte pola estrada.
- O material de deporte, autodefensa e disuasión.
- Os aparellos portátiles para a detección e a sinalización dos riscos e dos factores de molestia.




OBRIGAS DOS TRABALLADORES:

- Utilizar e coidar correctamente os EPI's.
- Colocar o EPI despois da súa utilización no lugar indicado para isto.
- Informar de calquera defecto, dano ou anomalía apreciada no EPI.
- Os incumprimentos dos traballadores das obrigas en materia de prevención de riscos terán consideración de incumprimento laboral.



CONDICIÓNES QUE DEBEN REUNIR OS EPI'S:

- Proporcionar unha protección eficaz.
- Se se utilizan varios EPIs deberán ser compatibles entre si.
- Cumprir os requisitos das normas que lles sexan de aplicación.
- Os materiais empregados non deberán producir efectos nocivos no usuario.
- Adecuarse ao maior número de persoas.
- Ser de fácil manexo.
- Non supoñer riscos adicionais.
- Permitir o seu fácil mantemento e conservación.



ELECCIÓN DOS EPI

- Analizar e avaliar os riscos. ASEGURARSE DE QUE OS RISCOS NON SE PODEN EVITAR OU LIMITAR UTILIZANDO OUTROS MÉTODOS OU PROCEDEMENTOS DE TRABALLO OU MEDIOS DE PROTECCIÓN COLECTIVA.
- Definir as características desexables dos equipos e elixir o máis axeitado.
- Analizar o mercado e ver os equipos que se adaptan ás nosas especificacións, verificando a conformidade do equipo.



MARCADO CE DE CONFORMIDADE

CATEGORÍA I	EPI's destinados a protexer contra riscos mínimos. Requiren unicamente a marca "CE" e a Declaración de Conformidade do Fabricante.	<p>CATEGORÍA I: </p> <p>CATEGORÍA II: </p> <p>CATEGORÍA III: </p>
CATEGORÍA II	EPIs destinados a protexer contra riscos graves. Deberán someterse, previamente á súa comercialización, ao exame "CE de tipo" nun organismo acreditado para realizar procedementos de certificación europeos, ademais da marca CE e a Declaración de Conformidade esixidos aos restantes equipos.	
CATEGORÍA III	EPIs destinados a protexer contra riscos moi graves ou mortais. Ademais dos requisitos anteriores tamén se lles esixe o Sistema de Garantía de Calidade CE.	

UTILIZACIÓN E MANTEMENTO

A utilización, almacenamento e mantemento dos EPIs debe efectuarse de acordo coas instrucións do fabricante.

As condicións de uso determinaranse segundo:

- Gravidade do risco
- Condicións do posto de traballo
- Tempo de uso ou frecuencia da exposición
- Prestacións ou condicións particulares do EPI
- Riscos múltiples existentes ou adicionais do propio equipo



OS EQUIPOS SERÁN SEMPRE DE USO INDIVIDUAL.

Se as circunstancias esixen o uso por varias persoas tomaranse as medidas axeitadas de hixiene.